

## INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 11/2024, DO 20 DE DECEMBRO, DE CALENDARIO LABORAL, VACACIÓNS E DÍAS DE LIBRE DISPOSICIÓN PARA O ANO 2025 DO PERSOAL TÉCNICO, DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### 1. Obxecto e ámbito.

Esta instrución ten por finalidade regular durante o ano 2025 o réxime de calendario laboral, festividades, vacacións e días de libre disposición do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo.

### 2. Calendario laboral.

2.1. Festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia: consonte o establecido no Decreto 171/2024, do 8 de xullo (DOG do 24) pola que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025, as datas que se relacionan terán carácter obrigatorio e non recuperable:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Epifanía do Señor (Día de Reis)
17 de abril	Xoves Santo
18 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción
25 de decembro	Natividade do Señor

2.2. Festas laborais de carácter local, consonte á resolución do 6 de novembro de 2024 (DOG do 14), da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, retribuídas e non

recuperables, son as seguintes:

Ourense	4 de marzo	Martes de Entroido
	11 de novembro	San Martiño
Pontevedra	5 de marzo	Mércores de Cinza
	11 de xullo	San Bieito
Vigo	4 de marzo	Martes de Entroido
	28 de marzo	Día da Reconquista

2.3. Festividades universitarias de carácter xeral: os servizos da Universidade permanecerán pechados o 27 de xaneiro, día ao que se traslada a festividade de Santo Tomé de Aquino, sen menoscabo de compensar en tempo de descanso ao persoal que deba prestar apoio na celebración dos correspondentes actos oficiais.

2.4. Festividades dos centros: o persoal terá dereito ao día da celebración do patrón do seu centro; o persoal que non estea afectado pola anterior previsión poderá dispor dun día, supeditado ás necesidades do servizo.

2.5. Por coincidir en sábado o 17 de maio, festividade laboral en Galicia, así como o 1 de novembro e 6 de decembro, festividade de ámbito nacional de carácter retribuído, poderá gozar un día adicional por cada unha delas o persoal que teña un contrato ou nomeamento en vigor na data correspondente, ou ben que a previsión da duración do mesmo a inclúa, agás para o persoal que teña os sábados como xornada ordinaria.

### 3. Vacacións.

3.1. As vacacións anuais terán unha duración de vinte e dous días hábiles, ou a que corresponda proporcionalmente ao tempo de servizos prestados. Gozaranse preferentemente no período de xuño a setembro, sen prexuízo da aplicación das previsións contidas no número 7 desta instrución, podendo autorizarse noutro mes sempre que as necesidades do servizo o permitan e sen exceder do 31 de xaneiro de 2026.

3.2. En virtude dos anos de servizos prestados na administración pública, o persoal terá dereito aos seguintes días hábiles adicionais, que se farán efectivos o mesmo ano do cumprimento dos anos de servizo:

- Quince anos de servizo: un día hábil adicional (total 23).
- Vinte anos de servizo: dous días hábiles adicionais (total 24).
- Vinte e cinco anos de servizo: tres días hábiles adicionais (total 25).
- Trinta anos de servizo ou máis: catro días hábiles adicionais (total 26).

3.3. Cando as situacións de permiso por parto, adopción, acollemento ou do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan iniciar o goce das vacacións dentro do ano natural a que correspondan, ou se unha vez iniciado o período vacacional sobrevén unha desas situacións, o período vacacional poderase gozar aínda que rematase o ano natural a que corresponda e sempre que non transcorresen máis de dezaoto meses a partir do final do ano en que se orixinase.

No suposto de incapacidade temporal, as vacacións poderán gozarse a partir da situación de alta, previa solicitude á Xerencia e de acordo coas necesidades do servizo.

3.4. Se os permisos por parto, adopción, acollemento ou do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ou a situación de incapacidade temporal sobreviñeran durante o período de vacacións, estas se interromperán podendo usarse as restantes nun período distinto, mesmo cando pola súa duración ou polas necesidades do servizo fora preciso gozalas no ano natural posterior, dentro do límite previsto no apartado anterior.

3.5. Terase dereito a acumular o período de vacacións aos permisos por parto, adopción, acollemento ou do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, lactación e violencia de xénero, así como os períodos de incapacidade temporal derivados de embarazo ou lactación natural, mesmo despois do remate do ano natural ao que aquel corresponda.

Do mesmo xeito, supeditado ás necesidades do servizo e dentro do ano natural ao que corresponda, poderanse acumular ao período de vacacións os días de asuntos particulares previstos no epígrafe 5, os 3 días de conciliación dispostos no punto 6.1 e os días establecidos no punto 7.1.b)

3.6. A proposta dos cadros de vacacións requirirá o previo acordo entre o persoal afectado. De non acadalo, seguiranse os seguintes criterios:

- As traballadoras xestantes terán dereito á elección do período de vacacións.
- Terán preferencia de elección as persoas con fillos menores de doce anos ou maiores dependentes ao seu coidado, tendo prioridade as que reúnan a condición de proxenitora de familia numerosa.
- Entre os demais elixirase de xeito rotatorio, tendo preferencia na primeira ocasión a persoa con maior antigüidade.

3.7. Os cadros de vacacións anuais deberán estar elaborados o 30 de abril de 2025, polo que o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos deberá ter realizadas as súas peticións no aplicativo VAPEL na data indicada. No caso de centros académicos, quen exerza a xefatura deberá comunicar os cadros de vacacións aos órganos de goberno de centro e departamento que resulten pertinentes. Á súa vez, as persoas responsables realizarán os seus pedimentos a través do aplicativo VAPEL, para a súa

autorización pola Xerencia.

- 3.8. Os cadros deben manterse actualizados, garantindo na súa elaboración que os servizos, centros e unidades queden suficientemente atendidos, sendo competencia das persoas responsables resolver os imprevistos e incidencias organizativas que puidesen acontecer nos períodos de vacacións do persoal correspondente.
- 3.9. Cando o persoal fixo destinado nunha unidade teña autorizado un período de vacacións e pase a prestar servizos noutra distinta, poderá mantelo sempre que se lle autorice de acordo coas necesidades deste último destino e sexa compatible cos acordos existentes entre o persoal da nova unidade.

#### **4. Nadal.**

O persoal que se atope prestando servizos dentro do período non lectivo establecido no calendario académico, terá dereito ao goce de tres días de vacacións, ou á parte proporcional ao tempo de servizos efectivos prestados durante o ano 2025.

Cando por necesidades de servizo, debidamente xustificadas mediante informe da persoa responsable correspondente, non se poida gozar nese período poderán concederse ata o 31 de xaneiro de 2026.

Para determinar o período que lle corresponda ao persoal de administración e servizos funcionario interino ou contratado temporal terase en conta a previsión de duración do seu nomeamento ou contrato.

#### **5. Asuntos particulares.**

O persoal terá dereito a seis días por asuntos particulares; así mesmo terá dereito a dous días adicionais ao cumprir o sexto trienio, incrementándose nun día adicional ao cumprir o oitavo e sucesivos trienios, que se farán efectivos o mesmo ano do perfeccionamento do trienio correspondente. A autorización corresponderá aos responsables das unidades e estará supeditada ás necesidades do servizo, que poden xustificar a prolongación do seu uso ata o 31 de xaneiro de 2026.

#### **6. Outros permisos.**

- 6.1. O persoal poderá gozar de ata tres días ao longo do ano por razóns de conciliación da vida laboral coa familiar e persoal, que se xestionarán como os días de asuntos particulares.
- 6.2. O persoal gozará de un día de permiso no período non lectivo do entroido 2025, supeditado ás necesidades de servizo. Nos campus de Ourense e Vigo a escoller entre o luns 3 ou o mércores 5 de marzo. No campus de Pontevedra a escoller ben o luns 3 ou o martes 4 de marzo.
- 6.3. O 24 e o 31 de decembro de 2025 as dependencias universitarias permanecerán

pechadas.

## 7. Peche de centros, dependencias e instalacións e a súa incidencia nos períodos de vacacións.

7.1. Na procura de avanzar no compromiso da Universidade de Vigo e do seu persoal coa sustentabilidade e o cambio climático, en base aos obxectivos de optimización dos recursos que permita un aforro enerxético e económico, procederase ao peche de todos os centros, dependencias e instalacións da Universidade de Vigo nos seguintes períodos do ano 2025:

a) Entre o 14 e o 16 de abril, ambos os dous incluídos, que terán a consideración dos 3 días de vacacións de Semana Santa establecidos no artigo 26 do II Convenio colectivo do PAS laboral.

No suposto de ser preciso manter operativo algún servizo, área ou unidade durante este período, o persoal que preste servizos no mesmo gozará dos 3 días de vacacións noutro período, preferentemente na semana previa ou posterior ao peche, sempre supeditado ás necesidades de servizo.

b) Entre 4 ao 18 de agosto, ambos os dous incluídos, que terán a consideración de vacacións anuais para todos os efectos. Co fin de minimizar as repercusións desta iniciativa e para permitir unha máis axeitada conciliación da vida familiar e laboral do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, o persoal terá dereito a gozar de 3 días de libre disposición adicionais, agás que durante este período estea nalgunha das situacións previstas no primeiro parágrafo do punto 3.3.

Aquel persoal que en función ao tempo de servizos efectivamente prestados, ou da duración previsible de contratos e nomeamentos, teña dereito a un período de vacacións igual ou inferior a 11 días, deberá gozalos no tramo de peche, sempre que manteñan a súa vinculación coa Universidade ata o 21/08/2024 ou data posterior.

O persoal terá dereito aos días de compensación proporcionalmente ao tempo de servizos efectivamente prestados en cada ano natural, ou ben en función da duración previsible de contratos e nomeamentos.

O persoal que deba prestar servizos esenciais neste período de peche non terá dereito aos días 3 días adicionais. No caso de que a prestación de servizos non abrangua a totalidade do período, terase dereito aos días de compensación na seguinte proporción:

- 1 día, sempre e cando se goce dun mínimo de 4 días de vacacións no período.
- 2 días, sempre e cando se goce dun mínimo de 8 días de vacacións no período.

7.2. Nestes períodos, a Xerencia poderá acordar cos órganos de representación do PTXAS, outro horario de apertura, a alteración dos períodos ou a continuidade dalgúns servizos e actividades.

Os servizos, áreas, unidades ou centros que deseguido se relacionan deberán dispoñer durante o período de peche dun número mínimo de efectivos de persoal destinado nos mesmos co fin de garantir o mantemento do servizo necesario, realizar aqueles xestións de carácter inaprazable ou dar soporte necesario de carácter permanente á institución.

SERVIZO/ÁREA/ UNIDADE/CENTRO	Nº MÍNIMO EFECTIVOS	CAUSA/MOTIVO
Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento (SAID)	2	-Impulso e tramitación das fases procedimentais (incluído o asesoramento) que correspondan á Universidade de Vigo relacionada con iniciativas ou convocatorias, doutras entidades públicas, dirixidas a financiamento, subvención ou concesión de axudas á investigación, proxectos e accións de investigación. -Realización dos trámites en materia de RRHH de investigación por convocatorias de captación de persoal que garantan a dispoñibilidade dos prazos ou períodos para a realización de trámites nas datas do peche estival
Área das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (ATIC)	6	Control e mantemento permanente da rede corporativa e servizos dependentes. Control e mantemento permanente do aloxamento de portal web, correo electrónico e servizos dependentes. Atención de incidencias.
Centro de Apoio Científico Técnico á Investigación (CACTI)	3	Vixilancia e mantemento de instrumentación científica.
Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO)	2	Asistencia e mantemento de animais
Centro de Investigacións Mariñas (CIM)	2	Asistencia e mantemento de cultivos mariños e fauna mariña
Unidade de Servizos Xerais.-Xardinería	1	Mantemento de plantas e zonas verdes

Malia a determinación das persoas ás que corresponda atender os servizos referidos, valoraranse as alternativas organizativas para que o servizo quede garantido en función das

circunstancias (demanda pendente de atender, datas de eventuais convocatorias, remate de prazos, condicións climáticas, risco de incendio, etc.)

## 8. Criterios comúns.

8.1. As/os administradoras/es de centros, de ámbito ou campus e as persoas responsables dos centros e unidades poderán propor á Xerencia o peche parcial, na quenda de tarde, dos centros e dependencias, singularmente nos períodos non lectivos de verán e Nadal.

As propostas deberán contar coa conformidade dos equipos de goberno ou análogos dos centros, dependencias e instalacións afectadas e deberán ter entrada na Xerencia, para os efectos de darlle a publicidade necesaria, nestes prazos:

- Nadal: a data límite para a presentación das propostas será o 20 de novembro de 2025.
- Verán: a data límite para a presentación das propostas será o 24 de abril de 2025, para facilitar a ordenación dos cadros de vacacións do persoal.

8.2. Todo o PTXAS ten a obriga de solicitar a través do VAPEL todos os días de vacacións, incluídos necesariamente os correspondentes aos períodos de peche, e os restantes permisos dispostos nesta instrución, agás os previstos na alínea 2.3.

Correspóndelle ao persoal responsable de cada ámbito, campus, servizo, unidade ou área verificar o efectivo cumprimento deste deber.

8.3. Agás os establecidos no apartado 2 e na alínea 6.2 e coas particularidades previstas para os períodos de peche, os días e períodos enumerados nos apartados anteriores serán proporcionais ao tempo de servizos efectivamente prestados en cada ano natural, ou ben en función da duración previsible de contratos e nomeamentos, incluíndo ao persoal destinado en centros que carezan de patrón.

8.4. En ausencia das persoas que ocupen a xefatura da respectiva unidade, as tarefas que nesta instrución se lles encomendan corresponderán a quen os sigan na escala xerárquica.

8.5. O cálculo dos días de permiso de libre disposición para o ano 2025 regulados nesta instrución, poderá realizarse a través da calculadora de días do programa VAPEL, onde están mecanizados os criterios de cómputo sumando os días de asuntos particulares, conciliación e, de ser o caso, o que substitúe ao patrón do centro aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Centros con patrón: } (9^* \times Z) / 365$$

$$\text{Centros sen patrón: } (10^* \times Z) / 365$$

Z= número de días de prestación de servizos efectivos ou previsibles durante o ano 2025.

\* incrementados, de ser o caso, nos que correspondan por antigüidade.

De resultar un número decimal considerarase unicamente o primeiro dígito da parte decimal de xeito que cando esta sexa igual ou inferior a catro, o número de días resultantes será a parte enteira ( $4,4 = 4$  días). No caso de que o primeiro decimal sexa 5 ou superior, engadirase unha unidade á parte enteira ( $4,5 = 5$  días). Este mesmo redondeo practicarase para calcular as vacacións.

Vigo, 20 de decembro de 2024

A Xerenta,

Yolanda T. Lesmes Romero

*(documento asinado dixitalmente)*